

# MARAVALLADA

*Cantar e non ter vergoña de ser feliz  
vivir a alegría de ser un eterno  
aprendiz  
eu sei que a vida debía ser ben mellor  
e será  
mais iso non impide que eu repita:  
é bonita, é bonita, é bonita.*

## 1.-MIÑAS CUNCHAS

De cor anacarado  
miñas cunchas, miñas cunchas  
de cor anacarado,  
soade ben pra que chegue  
o meu amor de contado.  
Ai la lelo, ai la lelo,  
ai la lelo, ai la lala

### Retrouso

*Eu soio quero que ti me deixes  
cunchas pra repenicar  
e que nos días de festa  
saian todos a bailar.*

Pequeniña e tan lixeira,  
teño unha dorna fermosa  
pequeniña e tan lixeira  
que dá xenio cando vén  
ateigada de vieira.  
Ai la lelo, ai la lelo,  
ai la lelo, ai la lala

### RETROUSO

Vas o marisco buscar-e,  
mariñeiro que na dorna  
vas o marisco a buscar-e,  
pidelle á Virxe te salve  
dalgún perigo do mar-e  
Ai la lelo, ai la lelo,  
ai la lelo, ai la lala

### RETROUSO (2)

Saian bailar...

## 2.-O VIVIR EN LÉREZ

### Retrouso

*O vivir en Lérez que bonito é !  
andar de parranda, e durmir de pé,  
e durmir de pé, e durmir de pé  
O vivir en Lerez que bonito é!*

[Bebín un viño albariño  
por ver si me consolaba,]BIS  
[E o viño como era novo, e o viño...  
viño como era novo  
ó ilo a beber choraba.]BIS

### RETROUSO

[Teño unha vaca marela,  
e un galo cantareiro,]BIS  
[e unha galiña con pitos, e unha gá...  
e unha galiña con pitos  
e un bo vino do Ribeiro.]BIS

### RETROUSO

[Unha meniña choraba,  
arrimadiña a un palleiro,]BIS  
[Tiña a gaitiña na man-e, tiña a gai...  
Tiña a gaitiña na man-e  
e faltáballe o gaiteiro.]BIS

### RETROUSO (2)

## 3.-CANTAR DE ARRIEIRO

O cantar do arrieiro  
é un cantar moi baixiño  
cántano en Ribadavia  
resoa no Carballiño

Xa me compraban a ghaita  
I eu non a quixen vender  
porque a miña ghaitiña  
é da miña muller 2BIS  
xa me compraban a ghaita  
e eu non a quixen vender

Non te cases có arrieiro  
que leva a vida penada  
nin oi misa no domingo  
nin durme soio na cama

No me la vendas marido  
no me la vendas por Dios  
porque a tua gaitiña  
la tocamos los dos 2BIS  
no me la vendas marido  
no me la vendas por Dios

Lévame no carro leva  
arrieiriño das uvas  
Lévame no carro leva  
comerei das mais maduras

Mas me valiera morena  
mas me valiera tener  
a tu madre por suegra  
Y a ti por mujer 2BIS  
mas me valiera morena  
mas me valiera tener

## 4.-TRUBISQUEIRA

Chamáchesme trubisqueira ai si si.  
Chamáchesme trubisqueira  
ai si si, ai non non  
herba que o gando non come ai si si.  
Mais vale ser trubisqueira  
ai si si, ai non non  
que muller de ruín home ai si si.

*Retrouso*

*Xa me dixo teu pai  
que te saque a bailar  
e no medio do baile  
que te deixe quedar BIS  
ai si si, ai non non,  
xa me dixo teu pai  
que te saque a bailar.*

Ailalelo, ai elalalo

*Retrouso*

*Somos do Lérez, terra da gaita,  
moito me gusta meniña, moito me  
encanta.  
Somos do Lérez, de Pontevedra,  
vente comigo meniña, vente pra ela.*

Alá vai a despedida BIS  
despedida dunha rosa  
como me vou despedir-e  
dunha cara tan fermosa BIS  
Ailalelo ai lalá laaa

## 7.-MARICA

*Retrouso*

*Marica si vas ó rio a lavar  
non bátala roupa que a podes rachar  
que a podes rachar, que a podes  
prender  
Marica si vas ó rio a beber*

O río cando vai cheo ai si, si.

O río cando vai cheo,  
ai si si, ai non non.

Leva carballos e follas si si.

Tamén podía levar,  
ai si si, ai non non

as linguas marmuradoras si si.

Ten a praia o varadeiro,  
a escuma que o mar salpica,  
ten a praia o varadeiro,  
onde todas as rapazas  
agardan os seus mariñeiros. BIS  
Ailalelo, ai elalalo

RETROUSO

E nos montes de Pontevedra  
ai o vento que abala os pinos,  
e nos montes de Pontevedra,  
leva para os que están lonxe  
arumes da nosa terra. BIS  
Ailalelo, ai elalalo

RETROUSO

## 6.-A REGUEIFA

A regueifa está na mesa BIS  
e no medio ten un ovo  
para cortala regueifa  
veñan as de Portonovo BIS  
Ailalelo ai lalá laaa  
Si mo vedes por ahí BIS  
ao borracho do meu home  
fai o favor de decirlle  
que hoxe na casa non dorme BIS  
Ailalelo ai lalá laaa

Unha vella e ben vella BIS  
vella da cabeza branca  
botou un peido na cama  
fixo levantala manta BIS  
Ailalelo ai lalá laaa

RETROUSO

Salgueiro verde no río ai si si.

Salgueiro verde no río,  
ai si si, ai non non.

Cuberto de flores brancas si si.

Como queres que te queira  
ai si si, ai non non.

Sendo ti galán de tantas si, si.

RETROUSO

Vou a dar a despedida ai si si.  
Vou a dar a despedida,  
ai si, si, ai non non,  
por riba dun pau de xesta, ai si si.  
Aquí está a boa xente,  
ai si si, ai non non,  
aquí está a xente na festa,  
ai si si.

RETROUSO (3)

## 5.-FOLIADA DE PONTEVEDRA

Ten as súas rías costeiras,  
ai areas de Pontevedra,  
ten as súas rías costeiras,  
onde todas as mulleres  
son bonitas e feiticeiras. BIS

Non chas quero, non chas quero  
castañas do teu magosto  
Non chas quero non chas quero  
que me cheiran a chamosco BIS  
ailalelo ailalalo

RETROUSO

Que ben baila, que ben baila  
a do zapato baixiño  
Que ben baila que ben baila  
ai na veira do camiño BIS  
ailalelo ailalalo

RETROUSO

Non chas quero non chas quero  
navizas do teu naval-e  
Non chas quero non chas quero  
que me poden facer mal-e BIS  
ailalelo ailalalo

RETROUSO

Que ben baila que ben baila  
a da chaqueta mais longa  
Moito mellor bailaríase  
se a tivera redonda BIS  
Ailalelo ailalalo

RETROUSO (2)

## 8.-A RIANXEIRA

*Retrouso*

*Ondiñas veñen, ondiñas veñen,  
ondiñas veñen e van.  
Non te embarques rianxeira,  
que te vas a marear.*

[A Virxe de Guadalupe  
cando vai pola ribeira,] BIS  
[descalciña pola area,  
parece unha rianxeira.] BIS

RETROUSO

[A Virxe de Guadalupe  
cando vai para Rianxo,] BIS  
[a barquiña que a leva  
era de pau de laranxo.] BIS

RETROUSO

[A Virxe de Guadalupe  
Quén a puxo moreniña] BIS  
[Foi un raiño de sol  
Que entrou póla ventaniña] BIS

RETROUSO (3)

## 9.-SETE CUNCAS

*Retrouso*

*Sete cuncas de papas de millo  
Una vella comeu, comeu  
Rebentoulle o cordón do xustillo  
De tanto que encheu  
Tiña fame, comeu outras tantas  
E mais recuncou, recuncou...  
Fixo como un foguete no aire  
Chis pum, estalou*

O carballo da Portela BIS  
Ten a folla revirada  
Que lla revirou o vento BIS  
Nunha mañán de xiada

## RETROUSO

Fixeches un dengue novo BIS  
para ver si te casabas  
Has de gastar este e outro BIS  
e has de quedar como estabas

RETROUSO

Eu caseime por un ano BIS  
para ver que vida era  
O ano vaise acabando BIS  
solteiriña quen me dera!

RETROUSO

Vouvos dala despedida BIS  
dende Betanzos á Limia  
Xa vos teño que deixar-e BIS  
márcham'ó coche de línea

RETROUSO

Chis pum! E estalou!

## 10.-FOLIADA DE TENORIO

Carballeira de Tenorio,  
heina de mandar cortar-e  
cando vou pra Pontevedra  
quitame a vista do mar-e BIS  
Ai lalelo ai la la la

*Retrouso*

*As dalá darriba cando van co ghando  
espetan a vara e bailan o tango  
E bailan o tango e maila muiñeira  
as dalá darriba non hai quen as queira*

Ó ghaiteiro de Soutelo  
mal raio de Dio-lo mate  
non quere toca-la ghaita  
sen que lle den chiculture BIS  
Ai lalelo ai la la la

RETROUSO

Cando saín de Soutelo  
os meus ollos eran fontes.  
Adeus montes de Soutelo,  
adeus Soutelo de Montes BIS  
Ai lalelo ai la la la

RETROUSO

Carballeira de San Xusto  
carballeira derramada  
Naquela carballeiriña  
perdín a miña navalla

RETROUSO

## 11.-O MELRO

Ían polo prado abaixo  
O melro e maila melra  
ían polo prado abaixo  
O melro como era pillo  
meteu a melra debaixo. BIS  
Ai lalelo ai lalalo

Ían polo campo arriba  
O melro e maila melra  
ían polo campo arriba  
O melro como era pillo  
botoulle a pata por riba. BIS  
Ai lalelo ai lalalo

Casamenteiro das vellas  
San Antonio de Catoira  
casamenteiro das vellas  
Por que non casas ás novas?  
que mal che fixeron elas? BIS  
Ai lalelo ai lalalo

Ai vos vai a derradeira  
Aí vos vai a despedida  
aí vos vai a derradeira  
Acabouse o chiculture  
rompeu a chicultureira. BIS  
Ai lalelo ai lalalo

## 12.- CATRO VELLAS MARIÑEIRO

Catro vellos mariñeiros, BIS  
todos metidos nun bote.  
[Boga, boga, mariñeiro, imos pra  
Viveiro,  
xa se ve San Roque.] BIS

Ailalelo ...

Os mariñeiros traballan BIS  
de noite ca luz da lúa.  
[Dá gusto velos chegar-e  
pola mañá cedo  
cheirando a frescura.] BIS

Ailalelo ...

Levo sardiña e bocarte, BIS  
tamén xurelo pequeno.  
[Rapaciña de Viveiro  
ven buscar o lote  
do teu mariñeiro] BIS

Ailalelo ..

## 13.- O CARRO

[Non canta na Cha ninguén,  
por iso o meu carro canta,  
canta o seu eixo tan ben  
que a señardade me espanta.] BIS

Non hai canto tan fermoso,  
fino coma un asubío,  
anque é, as vegadas, saudoso  
faise no ar rechouchío.

Non canta na Cha ninguén,  
por iso o meu carro canta,  
canta o seu eixo tan ben  
que a señardade me espanta

O meu carro é cerna dura,  
sábese carballo e freixo.

Que fermosa a súa feita!  
Que lixeira a do eixo.

As cousas vanse aledando  
por onde meu carro pasa:  
Carrétame herba pro gando,  
tráeme a colleita pra casa!

[Non canta na Cha ninguén,  
por iso o meu carro canta,  
canta o seu eixo tan ben  
que a señardade me espanta] BIS

## 14.- O RAMA

O rama, que linda rama!  
o rama da Oliveira  
o meu par é o mais lindo  
que anda na roda enteira BIS  
aquí en *cualquer* lugar  
O rama, que linda rama!  
O rama do olivar

E ao pasar a ribeiriña puxe o pé  
mollei a *meia* puxe o pé BIS  
Mollei a *meia*...

E ao pasar a ribeiriña rompín a  
Miña viola rompín a BIS  
Miña viola...

Xuntei cachiño a cachiño para fa\_  
çer unha nova, para fa\_ BIS  
çer unha nova...

O rama, que linda rama!  
O rama do alecrín  
o meu par é o mais lindo  
que anda no meu xardín BIS  
aquí en *cualquer* lugar  
O rama, que linda rama  
O rama do olivar

O pai quixo a nai non deixou  
o pai quixo a nai non deixaba  
eu quería bailar con ela  
e o pai quixo a nai non deixaba  
O pai quixo a nai non deixou  
o pai quixo a nai non deixaba

meu señor rapariga esa  
toda a noite me namoraba

Ai dáme da pera a metade  
da mazá un bocadiño  
da laranxa un sorbor  
Ai da túa boca un *beixiño*

Meu señor rapariga esa  
toda a noite me namoraba  
eu quería bailar con ela  
o pai quixo a nai non deixaba  
O pai quixo a nai non deixou  
o pai quixo a nai non deixaba  
meu señor rapariga esa  
toda a noite me namoraba

## 15.- MUIÑEIRA DO SANTO AMARO

[Señor cura, señor cura BIS  
a doutrina non lla sei,  
pídame unhas cantiguiñas BIS  
que eu llas repinicarei.] BIS

[Moza bonita no mundo BIS  
non debera de nacer,  
porque fai como a mazá BIS  
todos a queren comer.] BIS

[Ser solteiro é boa cousa BIS  
e ser casado tamén,  
deixarei pra cando morra BIS  
pensar no que me convén.] BIS

[Por dicir Viva San Roque! BIS  
prenderon o meu irmán,  
agora que o soltaron BIS  
Viva San Roque e o can!] BIS

## 16.- FOLIADA DE ASÉN

Ai teño unha moza en Asén  
Ai outra no Castiñeiriño  
Ai quérolle mais á de Asén  
Ai porque dorme no muiño BIS  
Ai la lelo ai la la lá la

Ai unha vella nunha fonte  
Ai por unha verza bebía  
Ai a verza estaba rachada  
Ai toda a augha lle vertía BIS  
Ai la lelo ai la la lá la

Ai se queres eiqui, eiqui  
Ai se queres alá, alá-e  
Ai se queres na túa porta  
Ai na tua porta sera-e BIS  
Ai la lelo ai la la la la

### 17.-MILHO VERDE

*Milho verde, Milho verde*  
Ai, *Milho verde, Milho verde*  
Ai, *Milho verde, maçaroca*

À sombra do *Milho verde*  
Ai, à sombra do *Milho verde*  
Ai, namorei *uma* cachopa

*Milho verde, Milho verde*  
Ai, *Milho verde, Milho verde*  
Ai, *Milho verde* miudinho

À sombra do *Milho verde*  
Ai, à sombra do *Milho verde*  
Ai, namorei um *rapazinho*

*Milho verde, Milho verde*  
Ai, *Milho verde, Milho verde*  
Ai, *Milho verde*, folha larga

À sombra do *Milho verde*  
Ai, à sombra do *Milho verde*  
Ai, namorei *uma* casada

Mondadeiras do meu *milho*  
Ai, mondadeiras do meu *milho*  
Ai, mondai o meu *milho* ben

*Não olheis* para o *caminho*  
Ai, *não olheis* para o *caminho*  
Ai, que a merenda *já lá* ven

### 18.-FOLIADA DE NADELA

Zapatos de chicutate  
tenos a miña cadela  
pra leva-las ovelliñas  
ás feiriñas de Nadela BIS  
Ai lalalelo ai lalalo

*Retrouso*  
*Aló ven o gaiteiro*  
*por detrás do pinar*  
*hasta os pinos lle axudan*  
*á gaitiña a tocar.2BIS*  
*Aló ven o gaiteiro*  
*por detrás do pinar*

Indo eu pra non sei onde  
vendo eu a non sei quen-e,  
na porta de xa me entendes...  
non me poido acordar ben-e BIS  
Ai lalalelo ai lalalo

### RETROUSO

Andivécheste alabando  
polos muíños moendo,  
que te casabas comigo  
e iso era en eu querendo BIS  
Ai lalalelo ai lalalo

### RETROUSO

A rula vaise queixando,  
que lle levaron o niño,  
quen cho mandou facer rula  
tanto á veira do camino BIS  
Ai lalalelo ai lalalo

### RETROUSO

Algún día ben pensaches  
do meu corazón ter froles.  
Agora vai ós codesos,  
que chos hai nos arredores BIS  
Ai lalalelo ai lalalo

### RETROUSO (2)

### 19.-O GAITEIRO

#### *Retrouso*

*Alá vai o gaiteiro por detrás do pinar*  
*Vai tocando unha gaita, ai deixalo*  
*pasar*  
*Ai deixalo pasar, ai deixalo pasar*  
*Alá vai o gaiteiro por detrás do pinar*

Bota viño do ribeiro  
Taberneiro bota viño,  
bota viño do ribeiro  
Que os do Lérez pra cantar-e  
Temos que beber primeiro BIS  
ailalelo ailalalo

### RETROUSO

Sonche de moito palique  
As rapaciñas da Guarda,  
sonche de moito palique  
Elas botan o anzuelo,  
quen queira picar que pique BIS  
ailalelo ailalalo

### RETROUSO

Ben se poden alabare-e  
as rapaciñas da Guarda  
ben se poden alabare-e  
Son bonitas e ben feitas  
E salgadas coma o mare-e BIS  
ailalelo ailalalo

### RETROUSO

Pensando que te casabas  
Fixéchela permanente,  
pensando que te casabas  
Fixéchela vinte veces,  
e quedaches como estabas BIS  
ailalelo ailalalo

### RETROUSO

Non é unha que son todas  
As rapaciñas da Guarda  
Non é unha que son todas  
Poñen dous pares de medias  
Pra facelas pernas gordas BIS  
Ailalelo ailalalo

RETROUSO

## 20.-AMOR RIANXEIRO

E outro en Vilagarcía,  
Teño un amor en Rianxo  
e outro en Vilagarcía,  
para ver os meus amores  
teño que cruza-la ría, 2BIS  
Teño un amor en Rianxo  
e outro en Vilagarcía

*Retrouso*

*Non lle temas mariñeiro  
ao ventíño do mar  
que o vento mareiro  
dá mellor navegar.  
Se navegas pola ría  
de Rianxo verás,  
as estrelas e a lúa  
darlle bicos ó mar.*

Lévame no teu peteiro  
Gavotiña voa, voa  
Lévame no teu peteiro  
Una cartiña de amor-e  
Para o meu amor rianxeiro 2BIS  
Gavotiña voa voa  
Lévame no teu peteiro

RETROUSO

Vente ventiño mareiro  
Vente ventiño do mar-e  
vente ventiño mareiro  
Anque me léve-la gorra  
tamén sei andar en pelo 2BIS  
Vente ventiño do mar-e  
vente ventiño mareiro

RETROUSO

Fun a Padrón pola ría  
Collín a dorna en Rianxo  
fun a Padrón pola ría  
Da terra de Castela  
Á terra de Rosalía 2BIS  
Collín a dorna en Rianxo  
fun a Padrón pola ría

RETROUSO

## 21.-XOTA DE VILAR

[Ai, o cura de Vilar  
queda berrando na horta]BIS  
que lle levan a criada  
polo furado da porta  
lalalaila, la, la...

[Por te ver vengo de noite,  
morena del alma mía]BIS  
por te ver vengo de noite  
porque no puedo de día  
lalalaila, la, la...

[Por esa que entrou no baile,  
por esa que entrou agora,]BIS  
por esa que entrou no baile  
tocarei a noite toda  
lalalaila, la, la...

[Esta es la jótica madre,  
este es el dulce meneo,]BIS  
esta es la que bailan más  
las damas en el paseo  
lalalaila, la, la...

## 22.-FOLIADA DE BARROSO

Con piñeiros arredor-e  
Teño unha casa no monte  
Con piñeiros arredor-e  
[E unha ponte e un salgueiro  
Miña nena onde canta o reiseñor-e]BIS

*Retrouso*

*Aquel paxariño, era bonitiño  
Viña da ribeira da beira do Miño  
E como lle chaman?  
Chámanlle Pepiño  
Que bonito nome ten o paxariño!*

[Paxariños que alegres cantades  
Entras follas dos loureiros  
E subides polos amieiros  
A busca raiña do sol]BIS

Non séas tan presumida  
Si queres casar Rosiña  
Non séas tan presumida  
[Non te deixes enganar-e  
Miña nena si queres ser  
pretendida]BIS

RETROUSO

## 23.-MIÑAS COUSAS

Ai la la, ai la la,  
ai la la, lará lalá lalá lalá.

[Teño unha galiña branca  
que me veu de Redondela,]BIS  
da miña comadre o galo BIS  
non me veña dar con ela.

[Ai la la, ai la la,  
ai la la, lará lalá lalá lalá.]BIS

[Veño de ver o meu liño  
que me dá pola cintura,]BIS  
non sei si é liño, si é herba BIS  
bagaña non ten ningunha.

Ai la la, ai la la...

[Unha pera dúas peras  
non tiña máis a pereira,]BIS  
unha será para o xastre BIS  
outra para a costureira.

Ai la la, ai la la....

## 24.-FISTERRA

Fisterra vai na proa  
Camariñas vai no mar-e,  
Santa Uxía de Ribeira  
Poboa do Caramiñal-e.

*Retrouso*

*Eu tamén choro,  
eu tamén choro,  
cando non me alumean, meu ben  
eses teus ollos 2BIS  
Cando non me alumean meu ben  
Eu tamén choro*

Se queres que brille a lúa  
pecha os ollos meu amor-e,  
que mentra-los tés abertos  
a lúa pensa que hai sol-e.

RETROUSO

Para sardiñas Aguiño  
para bolos Castiñeiras,  
para rapazas bonitas  
Santa Uxía de Ribeira.

RETROUSO

## 25.-AI RIANXO

*Retrouso*

*Ai Rianxo Rianxo pájaro pinto  
a ganancia do peixe xa se vai indo  
xa se vai indo Rianxo, xa se marchou  
ai Rianxo Rianxo, quén a levou?*

Polo muelle de Tanxil-e  
vin saltar unha cabala  
mariñeiros de Rianxo  
vinde largala secada BIS  
Ai lalelo ai lalalo

RETROUSO

Polo día ando ao xeito

ao bou e mais á rapeta  
como son bo mariñeiro  
pola noite na taberna BIS  
Ai lalelo ai lalalo

RETROUSO

Para ser bo mariñeiro  
hai que nacer en Rianxo  
e comelo pan de broa  
para telo peito ancho BIS  
Ai lalelo ai lalalo

RETROUSO (BIS)

## 26.-FOLIADA DE PORTONOVO

[De Marín a Portonovo  
nunha lanchiña motora] BIS  
[fun solteiro e vin casado, leré,  
mais valera que non fora] BIS

*Retrouso*

*Ai Marín ten viño e patacas  
e abundan barcos xeiteiros  
as rapazas máis bonitiñas  
son as fillas dos mariñeiros BIS  
Aialelo.....*

*[Rapaciña se vas á beiriña do mar  
non te fíes do vento mareiro  
que a lanchiña que vai*

*pola ría a pescar  
co ventíño pode naufragar] BIS*

[San Xoan de Poio berrou  
con San Pedro no convento] BIS  
[por culpa dunhas ghaliñas, leré,  
que se lle meteron dentro] BIS

RETROUSO

[A patroa de Marín  
díxolle a S. Xoán de Poio] BIS  
[lévame na túa barca, leré  
que contigo non me mollo] BIS

RETROUSO

## 27.-O GALOPÍN

Tédelo mal ensinado  
O voso galo comadre  
tédelo mal ensinado  
(vai cantar tódalas noites  
enriba do meu tellado) BIS

Retrouso

[Para vir a xunta min BIS  
vai lavalá cara (3) galopín] BIS

Quedan no río berrando  
Miña nai e maila túa  
quedan no río berrando  
[por culpa dunha galiña  
que ten amores co galo] BIS

RETROUSO

Miña nai non teño roupa  
Eu quería-me casar-e  
miña nai non teño roupa  
[Casa miña filla casa  
que unha perna tapa a outra] BIS

RETROUSO

Miña nai dime que é cedo  
Eu quería-me casar-e  
miña nai dime que é cedo  
[ela como está casada  
non sabe a gana que eu teño] BIS

RETROUSO

## 28.-CARMÍÑA CARMELA

*Retrouso*

*Ven bailar Carmiña, Carmiña, Carmela  
con zapato baixo e media de seda  
e media de seda, e media calada  
ven bailar Carmiña miña namorada.*

Os zapatos piden medias  
as medias piden zapatos  
as rapaciñas de agora  
piden rapaciños ghuapos

RETROUSO

O paxaro cando chove  
mete o rabo na silveira  
así fan as boas mozas,  
cando non ai quen as queira.

RETROUSO

Oliveira ben plantada  
sempre parece oliveira  
unha moza ben casada  
sempre parece solteira.

RETROUSO (2)

### 29.-A CAROLINA

A saia da Carolina,  
ten un lagarto pintado;  
cando a Carolina baila,  
o lagarto dálle ó rabo.

Bailaches, Carolina?  
Bailei, si señor!

Dime con quen bailaches?  
Bailei co meu amor [2 BIS]

Bailaches, Carolina?  
Bailei, si señor!

A Carolina é unha tola  
que todo fai o revés;  
vístese pola cabeza  
e díspese polos pes

Bailaches...(cuartel, coronel)

O señor cura non baila  
porque ten unha coroa.  
baile, señor cura, baile,

que Deus todo llo perdoa.

Bailaches...(abofé, meu Xosé)

No curro da Carolina  
non entra carro pechado  
namais entra Carolina  
co seu cocho polo rabo.

Bailaches...(si señor, meu amor)

Co teu amor Carolina  
non volvas a bailar,  
porque che levanta a saia  
i e moi mala de baixar

### 30.-SENHORA DO ALMORTÃO

Senhora do Almortão  
ó minha linda raiana  
virai costas a Castela  
não queirais ser castelhana

Senhora do Almortão  
a vossa capela cheira  
cheira a cravos, cheira a rosas  
cheira a flor de laranjeira

Senhora do Almortão  
ó minha linda raiana  
virai costas a Castela  
não queirais ser castelhana

Senhora do Almortão  
eu pró ano não prometo  
que me morreu o amor  
ando vestida de preto

### 31.-RUADA DE CHAMOSA

(HOMES) *E asubían na Areosa* BIS  
[son os mozos de Castrelo  
que van á rúa Chamosa.] BIS

(HOMES) Inda habés vir aquí hoxe  
Rabadeiras e quintelas  
[tamén quedaron de vir-e

da Graña de Cabanelas.] BIS

(TOD@S)Ti que tes María? Ti que  
demo tes?

Gastáches os cartos e agora non tes,  
e agora non tes, e agora non tes.  
Ti que tes María? Ti que demo tes?

(MULLERES) Se soubera Manoliño  
que ti viñas á ruada  
[cunha vasoira de pallas,  
barreríache a xeadá.] BIS

(MULLERES) Viva quen agora chega!  
E quen agora chegou-e!  
[Estaba para min moi lonxe  
e agora xa non me vou-e.] BIS

(TOD@S)Ti que tes María? Ti que  
demo tes?

Gastáches os cartos e agora non tes,  
e agora non tes, e agora non tes.  
Ti que tes María? Ti que demo tes?

(TOD@S) Sei tocar a pandeireta  
e mais a pandeiretiña,  
[e mais o pano de seda  
que me dou miña madriña.] BIS

(TOD@S) Cantade todos a unha BIS  
[Que o cantar e o bailar-e  
non é deshonra ningunha.] BIS

Arriba Casilda! Que queres Manuel?  
Castañas asadas  
e viño con mel ( 2 BIS)  
Arriba Casilda! Que queres Manuel?

(MULLERES) Neste lugar non hai  
homes,  
aturuxan as mulleres,  
[e os poucos homes que aí'e  
son pra rabos de culleres] BIS

(HOMES) As mulleres que eiquí estan-e  
todas ten as pernas tortas  
[unhas serven pra abeacas



outras pra trancalas portas] BIS

Ahi vai Antoniño deixalo pasar  
que vai velas nenas do outro lugar  
do outro lugar, do outro lugar  
e o diaño da vella non quere apartar  
(*Varias repeticións*)

### 32.- A VIRXE DO PORTOVELLO

[A virxe do Portovello  
ten unha barca aos seus pés] BIS  
[E has pasar pola barquiña BIS  
se vas a Vilar das Tres] BIS

#### *Retrouso*

[*Polo río abaixo vai meu amor,  
polo río abaixo vai o meu ben,  
polo río abaixo vai a barquiña,  
pola beiriña da vía do tren*] BIS

[A Virxe do Portovello,  
cariña de carabel,] BIS  
[lévanlle as pombas no pico, BIS  
ramalliñas de *laure*] BIS

#### RETROUSO

[En Peliquín fun solteiro  
e na Lonía namorei] BIS  
[Pasei polo Portovello BIS  
e fun casar a Guste] BIS

#### RETROUSO

### 33.- VALPAÇO

#### *Retrouso*

[*E peras, e peras, e peras e mazáns,  
ameixas e uvas, marmelos e "romais"*]  
BIS

Ou miña nai deixe,deixe,iogui  
Ou miña nai déixeme ir-e, iogui  
eu vou raiar a valpaço, iogui  
eu raio e torno a vir-e, iogui,  
ou miña nai deixe,deixe,iogui

eu raio e torno a vir-e, iogui.

#### RETROUSO

Ou miña nai dos traballos, iogui  
para quen traballo eu, iogui.  
traballo gasto o meu corpo, iogui.  
non teño nada de meu, iogui,  
Ou miña nai dos traballos, iogui,  
non teño nada de meu, iogui,

#### RETROUSO

A despedida vou dando, iogui  
como da a cereixa ó ramo, iogui  
moi boas noites señores, iogui  
e até o outro ano, iogui,  
A despedida vou dando, iogui  
e até o outro ano, iogui.

#### RETROUSO

### 34.-NOSA SEÑORA DA GUIA

Nosa Señora da Guía BIS  
guía os homes do mar-e BIS

Veña vela barca vela BIS  
que se vai deitar no mar-e BIS

Nosa Señora vai dentro BIS  
e os anxiños a remar-e BIS

En Ourense as gaviotas BIS  
non saben o que e voar-e BIS

Os mariñeiros traballan BIS  
no mar-e da liberdade BIS

Outros pesqueiros rebentan BIS  
Pra os señores engordar-e BIS

Hai un caravel vermello BIS  
no fusil do militar-e BIS

Quen non viu cantar un vello BIS  
non sabe o que e cantar-e BIS

### 35- DESAFÍO

#### Homes

Sae- á *ventana* Marica  
(mulleres) ocaíri ocairá  
Se te queres asomar-e  
(mulleres) ocaíri ocairá  
Esa cariña de rosa  
Quero volver a mirar-e

#### Todos

(Ocaíri ocairá  
Ocaíri airí airá)BIS

#### Mulleres

Márchate de aí Antón  
(homes) ocaíri ocairá  
Non me veñas a tentar-e  
(homes) ocaíri ocairá  
Que si me asomo á ventana  
Ha de ser para te insultar-e

#### Todos

Ocaíri ocairá.....

#### Homes

Non sexas así muller-e  
(mulleres) ocaíri ocairá  
Sae á *ventana* marica  
(mulleres) ocaíri ocairá  
Que si non che vexo a cara  
Non me vou en todo o día

#### Todos

Ocaíri ocairá.....

#### Mulleres

Non quero que me molestes  
(homes) ocaíri ocairá  
Nin que me teñas cariño  
(homes) ocaíri ocairá  
Pois non me penso casar-e  
Nin con outro nin contigo

#### Todos

ocairí ocairá...(4)

### 36.- LA FUENTE DE CACHO

Ayer te vi que subías,  
por la alameda primera,  
luciendo la saya blanca,  
y el pañueluco de seda.

*Retrouso*

*Dime donde vas morena,  
dime donde vas salada,  
dime donde vas morena,  
a las dos de la mañana.*

Voy a la fuente de Cacho,  
a beber un vaso de agua,  
que me han dicho que es muy bueno,  
beberla por la mañana.

RETROUSO

Voy al jardín de Valencia,  
a decirle al jardinero,  
que me de una rosa blanca,  
que en mi jardín no las tengo,

RETROUSO

Son las dos de la mañana  
Y mi marido no viene  
Quién será la picarona  
Que a mi marido entretiene

RETROUSO (2)

### 37.- LÉVAME

[Aparta loureiro verde  
deixa clarexar a lúa] BIS  
[Que estou no medio do mar-e  
non vexo cousa ningunha] BIS

*Retrouso*

*[Lévame, lévame, lévame  
lévame a beira do mar  
lévame meu queridiño  
que eu quero navegar] BIS*

*Na beira do mar  
hai moito que ver  
baila miña Maruxa si  
baila na punta do pé BIS  
baila na palma da man  
baila miña Maruxa si  
baila se queres bailar*

[Tráeme vento do mar-e  
Tráeme ventiño mareiro] BIS  
[Tráeme vento do mar-e  
Novas do meu mariñeiro] BIS

RETROUSO

[Miña lanchiña de vela  
Miña remolqueadora] BIS  
[Fixéche-la cama fora  
Onde vas durmir agora] BIS

RETROUSO (2)

### 38.- SI TE CASAS EN OURENSE

[Si te casas en Ourense  
pídelle a proba primeiro] BIS  
[da cacheiriña do porco  
e o bo viño do Ribeiro] BIS

*Retrouso*

*Si vas ao Ribeiro ao Ribeiro de Avia  
Si vas ao Ribeiro vai por Ribadavia  
Vai por Ribadavia vai por Ventosela  
Que hai unha morena que da xenio  
vela*

*Que da xenio vela da xenio mirala  
Si vas ao Ribeiro vai por Ribadavia*

[Agora xa non se leva  
pedirle as fillas aos pais] BIS  
[entrar pola porta a dentro  
meu sogro, que tal lle vai?] BIS

RETROUSO

[Eu caseime no Ribeiro

pola fama do bo viño] BIS  
[e o lacazán do meu sogro  
soio tiña un pipotiño] BIS

RETROUSO (2)

### 39.-O ROUBADOR

Roubei na casa do cura BIS Aiiiiii  
Pensei que estaba a durmir-e BIS  
Entrar non me foi difícil BIS Aiiiiii  
O carallo foi sair-e BIS

[Lalai lalai lalerolelai lalai  
laleroalerolelai lalai lalerolelerolelai]  
BIS

Entrei na do señorito BIS Aiiiiii  
pensando que había fartura BIS  
E pelexeime co can-e BIS Aiiiiii  
Por unha codela dura BIS

Lalai... BIS

Pra roubar no cuartelillo BIS Aiiiiii  
Vestinme de panadeiro BIS  
E cargáronme no lombo BIS Aiiiiii  
Leña para un forno enteiro BIS

Lalai... BIS

Poderás dicir que si-e BIS Aiiiiii  
Poderás dicir que non-e BIS  
Pero por quen estou preso BIS Aiiiiii  
E polo teu corazón-e BIS

Lalai... BIS

### 40.-FOLIADA DE CARRIL

[En Carril casou meu pai,  
ai, en Carril quero casar-e] BIS  
moito me gustan as mozas BIS  
Que son da beira do mar-e BIS  
Ai la le lo, ai la la la.

*Retrouso*

*Se vas a Carril, ao mesmo chegar  
verás Cortegada deitada no mar,  
deitada no mar, ollando por ela,  
van os mariñeiros BIS  
nos botes de vela.*

[Nosa señora da guía,  
ai da guía dos mariñeiros] BIS  
guía da nosa cuadrilla BIS  
toda de mozos solteiros BIS  
Ai la le lo, ai la la la.

RETROUSO

[Teño un amor mariñeiro,  
ai bonito coma unha rosa] BIS  
teño medo que mo quite BIS  
algunha nena envexosa BIS  
Ai la le lo, ai la la la.

RETROUSO (2)

**41.-RUMBOIA**

Heime de casar pra Castro,  
terriña de moita leña,  
hei de tragar un feixiño  
*pra* cando a rumboia veña.

Anda Xoana, árdeche a Troia,  
vente comigo, bailaremos a rumboia.  
Viva a rumboia, rumboia viva,  
viva a rumboia, aunque *séa* noite e día.

*Retrouso*

*[Federico Antón, Federico Antón  
marcha mañana  
Federico Antón, Federico Antón  
para La Habana] BIS*

Miña comadre Polonia  
non vin muller coma ela,  
os ósos dállos ao home,  
a carne cómea ela.

Ou lindo lindo, ou miña xoia,  
imos a Lugo, bailaremos a rumboia.  
Viva a rumboia, rumboia viva,  
viva a rumboia rumboia da miña vida.

RETROUSO

Tódolos carabineiros  
dormen cos pés á xeadada  
e de alí ao outro día  
a festa da rumbeirada.

Anda Xoana, árdeche a troia,  
vente comigo bailaremos a rumboia.  
Viva a rumboia, rumboia viva,  
viva a rumboia aunque *séa* noite e día.

RETROUSO (3)

**42.-OS MEUS AMORES**

Aí veñen os meus amores  
cantando na súa dorniña  
saen ó atardecer  
a pescar moita sardiña , ai  
os meus amores, ai  
os meus amores.

Boga boga compañeiro  
que eu te estou a esperar  
para recoller a pesca  
e levala subastar, ai  
os meus amores, ai  
os meus amores.

*Retrouso*

*Non quero que saias máis de noite a ir  
a pescar  
que pode arrecialo vento a piques de  
naufragar  
cala, cala miña meiga témonos que  
aproveitar  
xa sabes que non hai sempre boa  
colleita no mar*

Empuxando polos remos  
xa non se pode sentar-e  
vén cargadiño de peixe  
de toda a noite no mar-e, ai  
os meus amores, ai  
os meus amores.

Co diñeiro que ti gañes  
adornarei a casiña  
e ti *podrás* repoñer  
os enseres da dorniña, ai  
os meus amores, ai  
os meus amores.

RETROUSO (2)

**43.-MARIÑADA DE RIANXO**

Ai Sálvora, ai San Vicente (2 BIS)  
as mozas bonitas hainas en Mourente  
Ai Sálvora, ai San Vicente  
as mozas bonitas hainas en Mourente

*Retrouso*

*Ai Pepiño, adiós, ai Pepiño, adiós,  
ai Pepiño, por Deus non te vaías,  
Quédate con nós BIS  
non te vaías afogar á praia,  
como nos pasou a nós.*

Ai Sálvora, ai San Vicente  
Ai Sálvora, adiós Mourente  
[Ai Sálvora, boca da ría  
para boas mozas, en Vilagarcía] BIS

RETROUSO

Ai Sálvora, vento norteiro.  
Ai Salvora, meu compañeiro,  
[Ai Sálvora, vento ventiño  
xa están as rapazas na punta de  
Aguiño] BIS

RETROUSO

havos de pasar a vós.

44.- XA FUN A MARÍN

*Retrouso*

*Xa fun a Marín, xa pasei o mar  
xa comín laranxas,  
do teu laranxal 2BIS  
Xa fun a Marín, xa pasei o mar.*

Ai miña nai e maila túa  
ai quedan no río berrando  
ai por culpa dunha galiña  
ai que ten amores co galo BIS  
Ai lalelo ai lalalala

RETROUSO

Ai miña nai, miña naiciña  
ai como miña nai ningunha  
ai que me quentou a cariña  
ai co caloríño da súa BIS  
Ai lalelo ai lalalala

RETROUSO

Ai esta noite e maila outra  
ai e maila outra pasada ai abalei  
unha pereira  
ai que nunca foi abalada BIS  
Ai lalelo ai lalalala

RETROUSO

Ai esta vai por despedida  
ai esta vai por derradeira  
ai acabouse o chicolate  
ai rompeu a chicolateira BIS  
Ai lalelo ai lalalala

45.- MORENA POR TI

Non hai quen, recoñeza que entenda  
dalgunha maneira o que sinto por ti.  
Non son quen, de bogar mariñeira,  
bogar prá ribeira se non é por ti.

Eu non sei, ai que clase de meiga

conxurou a teima, que sinto por ti.  
Pois haber, pois haber ten que habela  
porque paso en vela as noites por ti

[O meu latexar é morena por ti  
ei de bogar pra ribeira por ti,  
ei de cantar nas tabernas por ti,  
ei prendelas estrelas morena por ti]BIS

[Un pasodobre e a vida por ti,  
abrín o baile morena por ti,  
ei de bailalo sempre xunto a ti,  
ata o fin da verbena morena por ti]BIS

[Subín o Tegra morena por ti,  
leveí a gaita morena por ti,  
xunto á capela toquei, ai! por ti  
e resoa en Camiña, morena por ti]BIS

[Alá no alto xurei ai por ti,  
un trago longo morena por ti,  
nese cruceiro xurei, ai! por ti,  
que este ano non choro, morena por ti]BIS

As tabernas, aparte de ser  
establecementos de venda de  
bebidas, sempre foron lugares de  
encontro e camaradería, onde se  
contaban confidencias e se cantaba.  
Porque o canto mezclado cunha  
chisca de viño, fai aflorar os mais  
fondos sentimentos das persoas.

O **Canto de Taberna**, polo tanto,  
debe ser algo **compartido**, feito  
entre todos. Non pretendemos que  
o noso paso por aquí sexa un  
espectáculo, senón unha  
intervención que faga xurdir a  
participación dos presentes.

Para iso **Maravallada** entrega  
sempre esta folla onde van as pezas  
a interpretar, co obxectivo principal  
de que canten todos os que teñan  
ánimo de facelo. De seguro que  
marcharán mais contentos.

A CAROLINA.	29
A REGUEIFA.	6
A RIANXEIRA.	8
A VIRXE DO PORTOVELLO.	32
AI RIANXO.	25
AMOR RIANXEIRO.	20
CANTAR DE ARRIEIRO.	3
CARMIÑA CARMELA.	28
CATRO VELLO MARIÑEIRO.	12
DESAFÍO.	35
FISTERRA.	24
FOLIADA DE ASÉN.	16
FOLIADA DE BARROSO.	22
FOLIADA DE CARRIL.	40
FOLIADA DE NADELA.	18
FOLIADA DE PONTEVEDRA.	5
FOLIADA DE PORTONOVO.	26
FOLIADA DE TENORIO.	10
LA FUENTE DE CACHO.	36
LÉVAME.	37
MARICA.	7
MARIÑADA DE RIANXO.	43
MILHO VERDE.	17
MIÑAS COUSAS.	23
MIÑAS CUNCHAS.	1
MORENA POR TI.	45
MUIÑEIRA DO SANTO AMARO.	15
NOSA SEÑORA DA GUIA.	34
O CARRO.	13
O GAITEIRO.	19
O GALOPÍN.	27
O MELRO.	11
O RAMA.	14
O ROUBADOR.	39
O VIVIR EN LEREZ.	2
OS MEUS AMORES.	42
RUADA DE CHAMOSA.	31
RUMBOIA.	41
SENHORA DO ALMORTÃO.	30
SETE CUNCAS.	9
SI TE CASAS EN OURENSE.	38
TRUBISQUEIRA.	4
VALPAÇO.	33
XA FUN A MARIN.	44
XOTA DE VILAR.	21

